



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camíño Real s/n  
15570 Narón (A Coruña)  
Tlf.: 881.938.159 Fax: 81.938.170  
e-mail: [ies.terra.trasancos@edu.xunta.es](mailto:ies.terra.trasancos@edu.xunta.es)  
web: [www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos](http://www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos)

# **PLAN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

**Curso 2020/21**



## • **ARTES PLÁSTICAS**

Os/as alumnos/as que teñan a materia Educación Plástica e Visual pendente do curso anterior na ESO, para acadar os obxectivos fixados, deberán presentar unha serie de traballos semellantes aos realizados en dito curso, correspondentes a cada bloque de contidos impartidos da programación. Os traballos se presentarán á profesora en cada trimestre, e como data límite a convocatoria do mes de maio, A profesora propondrá que estes traballos se entreguen na avaliación correspondente á que se teñan que haber entregado no curso anterior, e valorará si está

n superados os obxectivos, antes da avaliación final. De xeito que un alumno/a que supere todas as probas antes do mes de maio, podería aprobar a materia antes da convocatoria ordinaria, reflectirase a nota obtida na mesma. Para isto a xefa do departamento durante o primeiro mes do curso informará as familias cunha circular, e convocará ós alumnos para comunicarlles a temporalización e o desenvolvemento das probas que en cada caso teñan que superar.

Durante todo o curso a profesora fará un seguimento do traballo de cada alumno individualmente, distribuíndo as tarefas pendentes nos tres trimestres e axudándoo coas dúbidas que puidera ter en cada unha delas.

Os contidos avaliados da materia Debuxo Técnico I pendente serán os impartidos ata o 12 de marzo do curso anterior; deste xeito non son avaliados os enumerados a continuación:

DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.

DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).

DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.

DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e



intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.

DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.

DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.

DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.

DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.

DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.

DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.

DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.

DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficas, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.

DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.



DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.

A materia impartida dividirase en tres avaliacións parciais, (o alumno deberá presentarse ás probas que segundo calendario do centro se realizarán en novembro, febreiro e abril). En cada unha destas tres avaliacións farase unha proba individual escrita, sendo a da 3ª unha proba final global que permitirá ademais a recuperación daquelas avaliacións parciais non superadas ó longo do curso, ou da totalidade da materia, e na que se aplicarán os mesmos criterios de cualificación que nas probas parciais.

Cada proba contará cun número de exercicios, nos que estará especificado o seu valor para obter a cualificación final da mesma. As probas cualificaranse sobre 10 puntos e superarán a proba aqueles alumnos que obteñan alomenos cinco puntos.

Ademais o/a profesor/a entregará os alumnos para a súa execución, láminas que deberán realizar para a súa corrección e cualificación.

Para a superación da materia esíxese a superación de todas e cada un dos bloques que a compoñen, así como a realización de tódolos traballos prácticos propostos ó longo do curso.

En setembro a nota será a media aritmética das cualificacións parciais obtidas nos exames parciais propostos, correspondentes aos distintos bloques da materia, sempre que estes obteñan unha cualificación igual ou superior a cinco.

Os/as alumnos/as deberán falar co/a xefe/a do departamento, para elaborar o calendario de entrega de traballos e exames.

## • **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

O alumnado da ESO e Bacharelato coa Bioloxía e Xeoloxía pendente, deberá seguir o Plan de Pendentes do departamento, segundo as datas acordadas polo centro. Cada avaliación parcial de pendentes, consta de :

- Un boletín de actividades, con preguntas sobre a materia que deberán que entregar escrito a man, (ou enviar por correo, no caso do ensino semipresencial ou non presencial) o o día do exame e terá unha ponderación do **25% da nota**. A xefa do departamento resolverá as dúbidas, corruxirá as actividades e seguirá a evolución do alumnado.

- Un exame, que en función da situación da pandemia poderá ser presencial ou telemático e terá unha ponderación do **75% da nota**.

De non acadar unha nota igual ou superior a 5 en cada parcial, deberán presentarse ao exame de



maio, co parcial ou parciais non superados.

O alumnado que non supere a materia durante o curso, terá dereito a presentarse á convocatoria extraordinaria en setembro, na que entrará toda a materia.

## • FÍSICA E QUÍMICA

A) Para os alumnos coa Física e Química de 2º de ESO suspensa e que cursen 3º ou 4º de ESO, establécense os pasos seguintes para a recuperación da materia:

1. Nas primeiras semanas de curso convocaráselles a unha reunión na súa aula correspondente, na que se lles entregará por escrito os contidos mínimos, os criterios de avaliación, que serán os do curso anterior, e informarase do nº de probas a realizar e das datas.

2. Para preparar a materia, entregaráselles regularmente follas de actividades que irán resolvendo na casa e devolverán de novo o xefe de departamento. De non entregar o traballo informaráselle o titor de pendentes para que o poña en coñecemento dos pais.

3. Ao longo do curso poderán resolver dúbidas nos recreos, concertando previamente cita, co xefe de departamento o cal acudirá á súa aula no recreo acordado.

4. A entrega de material e a resolución de dúbidas realizarase de forma tanto presencial coma virtual, a través da aula virtual do centro.

5. Entre os días 9 ao 13 de Novembro farase un primeiro exame parcial.

6. Entre os días do 8 ao 12 de Febreiro farase un segundo exame parcial. Estas datas estarán suxeitas a cambios debido a o calendario que indique a xefatura de estudos.

7. Para os alumnos que non superen estes exames, farase un seguimento dos mesmos proporcionándolles follas de actividades que irán resolvendo na casa e entregarán de novo o xefe de departamento.

8. Entre os días do 10 ao 14 de Maio, realizarase un exame final no que os alumnos poderán recuperar os parciais suspensos.

9. A nota final será a media dos dous exames parciais.

### CONTIDOS PENDENTES

Todos os impartidos o curso anterior, que aparecen no libro de texto:

#### CONTIDOS EXAME 1

**Unidade 1** A ciencia investiga

**Unidade 2** A materia e as súas propiedades

#### CONTIDOS EXAME 2

**Unidade 3** Composición da materia

**Unidade 4** Os cambios químicos

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN PENDENTES

- ⌚ Identificar magnitude, cantidade e unidade.
- ⌚ Coñecer o Sistema Internacional de Unidades e saber as unidades das magnitudes fundamentais.
- ⌚ Realizar cambios de unidades empregando factores de conversión.
- ⌚ Recoñecer o instrumental do laboratorio utilizado e as medidas adecuadas de seguridade.
- ⌚ Interpretar e representar gráficas.
- ⌚ Coñecer as propiedades xerais da materia: masa e volume.
- ⌚ Diferenciar as propiedades xerais da materia das propiedades características ou específicas.
- ⌚ Determina a masa, o volume e a densidade de obxectos de forma experimental e numericamente.
- ⌚ Coñecer as propiedades dos estados nos que se pode atopar a materia e entender os procesos de cambio de estado.
- ⌚ Comprender e interpretar os postulados da teoría cinético-molecular.
- ⌚ Coñecer as características dos gases e saber aplicar as leis que rexen o seu comportamento.
- ⌚ Saber diferenciar mesturas de sustancias puras; sustancias puras simples de compostas e mesturas homoxéneas de heteroxéneas.
- ⌚ Identificar os compoñentes dunha disolución e realizar cálculos numéricos para determinar a súa concentración.
- ⌚ Seleccionar a técnica axeitada para a separación de mesturas e describir os pasos e o material necesario.
- ⌚ Identificar os cambios químicos e diferenciarlos dos cambios físicos.
- ⌚ Explicar o que sucede nunha reacción química e identificar reactivos e produtos.
- ⌚ Coñecer a lei de Lavoisier.
- ⌚ Diferenciar reacción endotérmica de exotérmica.

B) Os alumnos con Física e Química pendente de 2º de ESO, ou co ámbito científico suspenso de 2º PMAR e que estean matriculados en 3º PMAR, serán avaliados polo profesor que imparte a materia de ámbito científico de 3º PMAR, que fará o seguimento dos alumnos suspensos e informará da súa evolución e resultados obtidos a xefa de departamento.

Os contidos de 2º que teñan continuidade en 3º avaliaranse nese momento: no caso de superar as probas de 3º quedarán recuperados, e no caso de suspender farase unha proba específica.

Os contidos de 2º que non teñan continuidade en 3º iranse avaliando ao longo do curso.

## • FRANCÉS

Os alumnos/as que teñen o francés pendente do curso anterior deberán facer un traballo continuado ao longo de todo o curso. Ao principio do curso entregáraselle traballo en forma de cuestionarios, exercicios que deberán ir facendo en cada trimestre. Estes exercicios deberán ser entregados antes das datas dos tres exames que teñen ao longo do curso ademais do exame de setembro. As datas fíxaas Xefatura de Estudos pero serán nos meses de novembro, febreiro e maio.

Os alumnos Terán a posibilidade de solucionar dúbidas na hora de xefatura de departamento e no recreo previo aviso ou cita co profesor.

Considérase condición indispensable que os alumnos/as entreguen os traballos durante todo o curso xa que estes vanlles axudar na realización dos exames e reforzar así a súa aprendizaxe. No caso de superar a 1ª e a 2ª avaliacións do curso superior o alumno/a pode superar a materia pendente do curso anterior.

### CONTIDOS ESIXIBLES PARA OS ALUMNOS CO FRANCÉS PENDENTE DE 1ºESO

Tomar contacto: identificarse, saudar, despedirse. Presente de S'appeler, Être, Avoir. Voilà. Numerais. Comprender, pedir e dar información persoal. As nacionalidades: países da Unión Europea e francófonos. Adxectivos (masculino/feminino; diferencias gráficas e fonéticas). Presente do verbo Parler. A data. A idade. Comprender, pedir e dar información sobre persoas, comparar estas informacións. Formación do plural (diferencias gráficas e fonéticas). Determinantes definidos e indefinidos. Presente do verbo Habiter. Adverbios de lugar: où, d'où. Conectores: et, mais. Identificar obxectos e persoas. Da-las grazas. Qu'est-ce que c'est? Qui est-ce? C'est... Comprender, pedir e dar información sobre as características das persoas/cousas. Adxectivos cualificativos. As cores. A negación ne...pas. Comprender, pedir e dar información sobre a posesión. À qui est-ce? C'est à + pronomes tónicos. Comprender, pedir e dar información sobre a localización das persoas/cousas. Cantidades. Il y a, est-ce qu'il y a, il n'y a pas de... Preposicións e adverbios de lugar. Presente de Savoir, Faire, Croire. Comprender, pedir e dar información sobre a localización de lugares/edificios dun pobo/cidade. Fórmulas de cortesía. Où se trouve, pour aller... Determinantes contractos (au, aux, du, des) Presente de Venir, Aller. Adverbios e locucións de lugar. Vocabulario específico da aula. Os días da semana. As estacións e os meses do ano. As partes do corpo. A familia. O entorno persoal. O clima. Lugares dun pobo/cidades, edificios.

## • INGLÉS

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NUN ESCENARIO PRESENCIAL

Os alumnos/as que teñan o INGLÉS PENDENTE do curso anterior ( os que cursando **4º ESO, 3º ESO e 2º ESO** teñan suspenso o Inglés do/s curso/s anterior/es ) terán ó longo do curso catro oportunidades para aprobalo:

- ✓ Unha primeira proba en **Novembro**
- ✓ Unha segunda proba en **Febreiro**
- ✓ Unha terceira en **Maio**.

O calendario de exames será fixado pola Xefatura de Estudos e constará na Circular Informativa de principio de curso.

- ✓ Os alumnos/as que non superen a materia en ningunha das tres probas terán a súa derradeira oportunidade na convocatoria extraordinaria do curso, **Setembro**.

Cada unha de estas probas é final ( pódese facer un exame final do Inglés pendente do curso anterior en Novembro, xa que a 1ª avaliación e un repaso dos contidos dos cursos anteriores un pouco ampliados) .

No caso do alumnado de **2º Bacharelato co Inglés pendente** do curso anterior, terán ao longo do curso tres oportunidades para aprobalo :

- ✓ Unha primeira, con **dúas probas nos meses de novembro e febreiro**
- ✓ Unha segunda oportunidade na **proba final ordinaria en abril**
- ✓ Por último, na **convocatoria extraordinaria** do curso.

O calendario de exames será fixado pola Xefatura de Estudos e constará na Circular Informativa de principio de curso.

Os exames son ESCRITOS e conterán cuestións gramaticais, léxicas e situacionais.

Tamén conterán probas de COMPRENSIÓN ESCRITA e EXPRESIÓN ESCRITA.

#### **Criterios de avaliación:**

- En **Bacharelato**, Cada exame será cualificado sobre 8 ( 80%), tendo a evolución no curso de referencia e a súa actitude no mesmo unha valoración sobre 2 (20%). A suma das dúas notas será a cualificación trimestral. Se esta última é superior ou igual a 5 superará a materia pendente do curso anterior.



- Na **ESO**, O traballo de reforzo suporá un 2 (20%) da nota, a participación, actitude e probas nas aulas 2 ( 20 %) e o exame un 6 (60%)
- Para os alumnos de **PMAR**, o traballo de reforzo suporá un 3 ( 30%) da nota, a participación, actitude e probas nas aulas 2 ( 20 %) e o exame un 5 (50%)

Para que os alumnos-as con Inglés pendente poidan supera-la materia, proporcionaráselles o libro de texto do curso anterior/material axeitado do que dispón o Departamento, elaborado e/ou seleccionado polos seus membros, para cada nivel, sempre que o alumno-a o requira. A existencia deste material comunicárselle persoalmente a cada alumno e animaráselle a que o pida. Tamén, na clase do curso en que está neste ano académico, faráselle notar a materia que corresponde o curso anterior e que el/ela ten pendente e procuraráse involucra-lo-a alumno-a de maneira especial facéndolle preguntas e poñéndolle traballo especial se o asunto o require.

Estes traballos de REFORZO E RECUPERACIÓN explicaranse na aula e o seus contidos faranse coincidir cos impartidos ó total da clase pero o seu nivel é máis baixo, con vocabulario xa coñecido e coa estrutura gramatical mínima (xeralmente un tempo verbal ), Para lograr un bo aproveitamento deste material o alumno-a pódeo levar para a casa, exercicios de repetición nos que é practicamente imposible trabucarse. A criterio do profesor-a os exercicios de reforzo poden ser corrixidos polo profesor/a ou poden ser autocorrixidos polo mesmo interesado con claves facilitadas polo Departamento.

O Departamento corrixirá o material especial entregado aos alumnos que o soliciten (a maior parte de ese material é de autocorrección). Asemade, na clase do curso superior o profesor/a poñerá especial atención en preguntar aos/ás alumnos-as sempre que apareza materia do curso pendente.

Os alumnos/as que teñan o INGLÉS PENDENTE do curso anterior no **Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento de 3º ESO** recibirán material subministrado polo Departamento de Inglés e facilitado polo seu/súa profesor/a, para traballar ao longo do curso, sendo avaliados longo do curso de referencia. **No caso de superación da materia do curso de referencia, darase por recuperada a devandita materia pendente.**

No caso de que o alumnado co Inglés pendente do curso anterior non supere as probas trimestrais terá a oportunidade de realizar a proba final ordinaria no mes de **maio**. Ademais haberá unha proba final extraordinaria no mes de setembro.

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores debe realizar un esforzo engadido para poder acadar os obxectivos mínimos indicados nos criterios de promoción. Asemade, debe recuperar as aprendizaxes non adquiridas, para o que é fundamental o traballo e a práctica diarios.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NUN ESCENARIO SEMIPRESENCIAL .**

No caso dun modelo de aulas Semipresenciais , os instrumentos de avaliación para o alumnado de ESO e Bacharelato son os mesmos que na ensinanza ordinaria. Os exames faranse de forma presencial no Instituto.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NUN ESCENARIO NON PRESENCIAL.**

Nunha modalidade de ensinanza Remota, os apartados de: **Traballo clase, probas de aula e tarefas e Actitude e Participación** ( 40 % da puntuación en ESO, 50 % en PMAR e 20 % da nota en 2º Bacharelato ) non serán tidos en conta. No seu lugar, incluíranse os criterios de avaliación abaixo indicados:

- Rúbrica de entrega de actividades con escala de puntuación. ( anexo 7 )
- *Rúbrica de avaliación da actitude e participación* recollida na programación do departamento. ( anexo 7 )
- Táboas de observación das tarefas das distintas destrezas :
  - a) *Speaking* ( a través de actividades nas aulas telemáticas e proba oral online ). Terase en conta o uso de estratexias de comunicación para a interacción, comprende instrucións e farase uso da guía de proba oral segundo a *Rúbrica de avaliación da expresión oral* recollida na programación do departamento. ( anexo 7 )
  - b) *Listening* ( exercicios entregados e pantallazos de audicións online ). Valorarase a comprensión e cumprimento da tarefa.
  - c) *Reading* ( entrega de exercicios de comprensión de textos do libro de exercicios dixital e de outras fontes). Valorarase a comprensión e cumprimento da tarefa.
  - d) *Writing* ( Tarefas de expresión escrita ). Terase en conta a adecuación, coherencia e organización da tarefa de acordo coas táboas de cualificación das tarefas escritas recollidas na *Rúbrica de avaliación da expresión escrita* da programación do departamento. ( anexo 7 )

Polo tanto, nunha modalidade de ensinanza remota esta puntuación será redistribuída segundo os criterios de cualificación abaixo indicados:

ETAPA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTUACIÓN
ESO	EXAME PENDENTES :	60 %
	RÚBRICA DE ENTREGA DE ACTIVIDADES :	10%
	RÚBRICA DA AVALIACIÓN DA ACTITUDE E PARTICIPACIÓN	20%
	TÁBOAS DE OBSERVACIÓN	10%

3º PMAR	EXAME PENDENTES :	50%
	RÚBRICA DE ENTREGA DE ACTIVIDADES :	20%
	RÚBRICA DA AVALIACIÓN DA ACTITUDE E PARTICIPACIÓN	20%
	TÁBOAS DE OBSERVACIÓN	10%

BAC	EXAME PENDENTES :	80%
	RÚBRICA DA AVALIACIÓN DA ACTITUDE E PARTICIPACIÓN	20%

Asemade, os exames **faranse a través da Aula Virtual e de maneira telemática** se for imposible facelo de forma Presencial.

## • LATÍN

Aos alumnos pendentes de Cultura Clásica 3º ESO entregaránelles dous cadernos de exercicios con cuestións relacionadas co currículo da materia. O primeiro caderno deberá estar rematado en novembro e o segundo en febreiro para ser corrixido e cualificado polo profesor; se o alumno alcanza os mínimos esixibles será cualificado positivamente e non será necesario que realice o exame final. No caso de non aprobar algunha das partes ou ningunha deberá facer o exame de maio coas partes suspensas. O horario de atención a pendentes, por se o alumnado ten dúbidas, será nos recreos en que a profesora non teña gardas, avisando o alumno previamente á profesora.

## • **LINGUA CASTELÁ**

### **Contidos e temporalización. Actividades de seguimento:**

- Os **contidos** para os alumnos cunha materia pendente son os mesmos que para os alumnos matriculados no curso correspondente. O departamento de Lingua e literatura castelá orientará aos alumnos sobre aqueles contidos que deben de traballarse de forma mais detallada. Será responsabilidade do docente que imparte clase no curso no que se atopan seguir o proceso da recuperación do alumno con materia pendente e informar a Xefa de Departamento do seu rendemento no curso actual.
- Os alumnos que teñan a lingua castelá de 1º e 2º de ESO pendente recibiran do departamento exercicios de ortografía, comprensión lectora, morfoloxía e sintaxe. Deberán entregalos feitos nunha data consensuada entre profesor e alumno.
- Os alumnos con lingua de 3º ESO e 1º bacharelato pendente presentarán resumos o día do exame correspondentes a materia que inclúa cada un dos parciais.
- A **organización temporal** dos contidos é distinta a dos alumnos oficiais. Así , distribuiranse en dúas avaliacións (novembro e febreiro) correspondendo a cada unha delas, a metade dos temas da materia. En caso de non aprobar os dous exames haberá outra proba no mes de maio.

### **Criterios de avaliación :**

Os criterios de avaliación son os mesmos que os da convocatoria ordinaria, pero o procedemento de avaliación é unicamente o exame, baremado sobre **10 puntos**. No caso de 2º de ESO e 4º de ESO, **aqueles alumnos que superen as dúas primeiras avaliacións do curso no que están matriculados, superarán tamén a materia do curso anterior se así o estima oportuno o profesor que imparte docencia. Neste caso quedarán eximidos do exame de maio.**

Os alumnos realizarán unha proba escrita que se correspondera con cada unha das dúas avaliacións sinaladas.

**No mes de maio** convocarase unha proba final a que debera n acudir aqueles alumnos que non alcancen a nota mínima de 5 puntos resultado da media das dúas avaliacións. Non se fará media si non alcanza un mínimo de tres sobre dez nalgunha das dúas probas realizadas.

## • LINGUA GALEGA

A principio de curso a xefa de departamento reunirse cos alumnos pendentes para informalos do procedemento a seguir ao longo do curso que ,como norma xeral, será:

- Contidos mínimos e progresión dos mesmos
- Traballo continuado, con tarefas que deberán entregar periodicamente á xefa de departamento para o seu seguimento (corrección, consulta de dúbidas,etc).
- Posibilidade de completar ese traballo con probas específicas (exames).
- Criterios de avaliación.

Previamente, o departamento terá decidido se entre os alumnos pendentes hai alguén a quen se lle deba aplicar un procedemento, criterios e sistema de avaliación diferentes segundo ás súas circunstancias especiais.

Así, contemplamos:

A) Alumnos que no curso actual estean cursando algún **plan de diversidade (PMAR, ACI, RE )** non se lles farán probas periódicas obxectivas (exames).Durante o curso, terán que ir facendo un traballo que elaborará a xefa de departamento en colaboración coa profesora do curso correspondente e que será corrixido periodicamente tamén pola profesora de reforzo. Nas avaliacións que se realicen ao longo do curso o/a titor/a de pendentes será informado da evolución deste traballo. Na avaliación final terase en conta a realización deste traballo así como a súa evolución no curso actual, aínda que se lle dará prioridade á avaliación que se faga do alumno no curso actual no que lle foi aplicada algunha medida de atención á diversidade.

B) Os alumnos de **ESO** que non estean na situación anterior seguirán o procedemento xeral: avaliación continua con dúas probas, que cualificarán 8 puntos máximo cada unha. Á nota media destes dous exames poderán sumárselle ata 2 puntos polo traballo feito e proposto polo departamento. Se entre as dúas probas non se supera, haberá un último exame final de toda a materia.

C) Aos **pendentes de 1º BACH.** tamén se lles farán dous exames que cualificarán sobre 10 cada un. Se entre as dúas probas non se obtén media de aprobado, haberá un último exame final de toda a materia. No caso de Bach. non será obrigatorio entregar periodicamente o traballo feito en casa, senón que a cualificación se achará simplemente polas probas. Será a xefa de departamento quen realice os exames, que serán avaliados tendo en conta a opinión dos outros membros do departamento, para o que se procederá do seguinte xeito: cada profesor corrixirá e cualificará por separado os exames e despois reuniranse para contrastar as súas puntuacións e acadar a nota definitiva.

## • MATEMÁTICAS

A continuación detállase o procedemento para a recuperación das materias pendentes na ESO e para as materias de 1º de Bacharelato das que están matriculados alumnos de 2º de Bacharelato.

O Xefe ou Xefa do Departamento entregará aos alumnos unhas follas con exercicios de cada unha das partes. O seguimento farao o profesor actual do alumno e no caso que non teñan matemáticas no curso actual o seguimento farao a Xefa do Departamento.

- Faranse dous exames parciais e un final. Cada exame constará dunha parte con exercicios similares aos dos boletíns entregados a principio de curso.
- As recuperacións de pendentes na ESO faranse nas datas orientativas que se indican a continuación e cada profesor/a que imparta cursos deste nivel encargarse de corrixir as probas tanto parciais como final dos seus alumnos/as durante o presente curso académico, para así facer un seguimento máis próximo dos progresos destes.
- As recuperacións de bacharelato faranse tamén nas datas seguintes e encargarse de corrixir as probas a Xefa do Departamento.
- As probas poñeranse conxuntamente entre tódolos membros do Departamento e serán iguais para tódalas seccións dun mesmo curso, aínda que sexan corrixidas por diferentes profesores/as.

Datas dos exames:

- Primeiro exame parcial: Novembro.
- Segundo exame parcial: Febreiro.
- Exame final:

Abril/maio. Avaliación:

- Faremos a media aritmética entre as dúas notas obtidas nas probas parciais sempre que as puntuacións sexan como mínimo de 4.5 puntos en cada unha das partes.
- No caso de que as dúas probas teñan unha puntuación maior ou igual que 4.5 e a media entre elas sexa 5 ou máis, a materia quedará recuperada.
- No caso de ter unha puntuación menor de 4.5 puntos nunha das partes tendo a outra cunha puntuación maior ou igual que 5 non se fará a media.
- O alumno poderá elixir entre facer o exame final de toda a materia ou repetir só esa parte suspensa.

- a) No caso de elixir repetir só a parte suspensa, para facer a nota final, contará a nota obtida na repetición desta. Se esta é de 4.5 ou máis, fará media coa nota da parte aprobada. Se a media é menor que 5 a materia queda sen recuperar. Se é de 5 ou máis queda recuperada.
- b) No caso de elixir facer un exame final, terá que acadar neste a cualificación de 5 ou máis para poder aprobar.
- Os alumnos que teñan as dúas partes suspensas, farán o exame final, en maio.

Alumnado de 2º PMAR e 3º PMAR que teña algunha materia do departamento pendente:

Encargarase o profesor do ámbito do presente curso de deseñar un plan específico de recuperación e de realizar as probas que considere oportunas para certificar a consecución dos obxectivos da materia pendente.

O profesor/a informará debidamente ao alumnado.

O profesor valorará ao alumnado con materia pendente tendo en conta as necesidades educativas de cada alumno/a de xeito individual.

## • **MÚSICA**

### **Plan de traballo**

Aqueles alumnos que teñan a música pendente do curso anterior deberán poñerse en contacto coa xefa de departamento e superar a asignatura mediante a entrega de traballos ou da superación de varias probas específicas.

Pódese recuperar a materia nas dúas avaliación parciais establecidas. No caso da non superación destas avaliacións os alumnos poderán presentarse ao exame final de Maio, onde poderán recuperar calquera das avaliacións pendentes, ou ao exame de Setembro, onde so contarán as probas teóricas específicas.

Os contidos esixibles son os contidos teóricos desenvolvidos no curso anterior, non haberá probas prácticas.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

En cada unha das dúas avaliacións parciais establecidas no Centro os alumnos deberán presentar unha serie de tarefas (exercicios, resumos) que contarán ata o 60 % da nota. O alumno que non supere a materia mediante este procedemento ou os que queiran subir a nota poderán presentarse ao exame teórico.

Os que superen unha das avaliacións establecidas poderán presentarse á parte pendente no exame final de Maio.

En Setembro o alumno presentárase con toda a materia.

### **Criterios de cualificación**

INSTRUMENTOS	PORCENTAXE	Outras indicacións
Traballos individuais	60 %	Para os alumnos que queiran subir nota, logo da avaliación positiva pola entrega de traballos, a porcentaxe da nota do exame para establecer a media será do 40 %.
Exame teórico parcial	100 %	
Exame teórico final Maio	100 %	Pódese recuperar só unha das avaliacións e entregar traballos pendentes.
Exame final Setembro	100 %	No exame de Setembro non se terán en conta os traballos presentados.

## **• XEOGRAFÍA E HISTORIA**

No presente curso este Departamento contará con alumnos que presenten as Xeografía e Historia pendentes de 1º, 2º e 3º de ESO, ademais da Hª do mundo Contemporáneo de 1º Bacharelato

**Para os alumnos que non superaron a materia de Xeografía e Historia de cursos anteriores da ESO e 1º de Bacharelato**, establécense os pasos seguintes para a recuperación da materia:

🕒 A principios de curso, no mes de setembro, o alumnado con materias pendentes son convocados a unha reunión na que se lles entregará por escrito os contidos mínimos e os criterios de avaliación, que serán os establecidos no curso anterior.

🕒 Aportaráselles tamén o material que precisen para preparar a materia Este material, realizado polo Departamento de Xeografía e Historia, consistirá nunhas fichas de traballo cunha selección de termos, conceptos, supostos teóricos e prácticos da materia a recuperar, agrupados en dous conxuntos que entregarán aos alumnos para a elaboración e resolución dos mesmos antes dos exames parciais de recuperación.

🕒 Ao longo do curso poderán plantexarse dúbidas que serán resoltas durante os recreos polo xefe de departamento.



⌚ Realizaranse dous exames parciais de recuperación da materia pendente: A principios do mes de Novembro farase un primeiro exame parcial e na primeira metade do mes de Febreiro ten lugar o segundo exame parcial. Estas datas estarán fixadas no calendario preparado pola xefatura de estudos. Estes exames contabilizarán ata 7'5 puntos en cada avaliación parcial para o alumnado.

⌚ Con anterioridade aos exames parciais os/as alumnos/as deberán realizar un boletín de traballo, que inclúe os contidos dos que se examinarán, e entregalo nas datas que lles sexan marcadas, co fin de serlles devoltos, xa corrixidos, para o seu estudo definitivo. Este traballo contará ata un ata 2'5 puntos da nota do parcial sempre que se realice de forma correcta na súa totalidade e sen erros nin faltas ortográficas ou de redacción; non sexa igual ó de algún compañeiro; ou por outros motivos que faga restar puntuación. O alumno/a que non entregue os exercicios na data indicada contabilizará un 0 neste apartado e poderá presentarse a cada exame parcial, pero debe obter 5 puntos sobre 7'5 para lograr o aprobado.

⌚ Os/as alumnos/as que cursen 3º PMAR coa materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores, debido ás dificultades de aprendizaxe que presentan, irán realizando este traballo na aula baixo a supervisión da profesora que imparte o ámbito socio-lingüístico en 3º PMAR, sendo corrixido finalmente polo xefe do departamento de X e Hª quen o valorará seguindo os criterios de avaliación marcados anteriormente (comprensión, presentación, expresión escrita, etc.).

Este traballo contará ata un 50% da nota sempre que se realice de forma correcta na súa totalidade e sen erros nin faltas ortográficas ou de redacción.

➤ Se o alumno aproba este traballo, non precisaría realizar o exame acadando un 5 como nota do parcial. No caso de querer obter maior nota poderá presentarse de xeito voluntario a un exame valorado sobre 5 sumándose a cualificación obtida neste á nota do traballo.

➤ Se o alumno non acada os 5 puntos do traballo, deberá presentarse obrigatoriamente ao exame valorado sobre 5, sendo a nota global a suma da puntuación acadada no traballo máis a nota obtida no exame. A nota final será a media das dúas avaliacións parciais. En caso de suspender algunha das avaliacións parciais cunha nota non compensatoria co outro (inferior a 4 puntos na suma da puntuación da ficha e o exame), na primeira semana de Maio, realizarase un exame final para aqueles alumnos que deban recuperar as avaliacións parciais suspensas.